

# CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega nº 3 - Xul.  
2020





# CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega

EDITA



Betanzos  
ISSN 2603-9583

## COORDINA

Ángel Arcay Barral

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

## COLABORACIONES

Ángel Arcay Barral  
Carlos Barja Márquez  
Erea Blanco Balvís  
Fanny Bourdón Fernández  
Paula Cousillas Pena

Adrián Feijoo Sánchez  
Sara Fraga Pérez  
Jesús Manuel García Díaz  
Miguel Giadás Quintela  
Fátima López Freire  
Sara Pajón Soto

Fran Quiroga  
Juan Antonio Rodríguez Arnao  
Daniel Lucas Teijeiro Mosquera  
Xesús Torres Regueiro  
Ricardo Varela Fernández

## COMITE CIENTIFICO

Pilar Cagiao Vila (Universidade de Santiago de Compostela)  
Adrián Feijoo Sánchez (Universidade Santiago de Compostela)  
Carlota González Míguez (Asociación de Amigos del Parque del Pasatiempo)  
David Martín López (Universidad de Granada)  
Ernesto Vázquez-Rey (Universidade da Coruña)  
José Manuel Rey Bao (IES Francisco Aguiar)

Julián Ferrer García (IES Francisco Aguiar)  
Patrizia Granziera Ceotto (Universidad Autónoma del Estado de Morelos)  
Paz Moreno Felú (Universidad Nacional de Educación a Distancia)  
Uxia Cagiao Teijo (IES Francisco Aguiar)  
Xosé Luís Mosquera Camba (IES Francisco Aguiar)

## COMITE TECNICO

Lucía Díaz Vilariño

Paula Cousillas Pena

Noelia Fraga Pérez

Jose Souto Santé

## DESEÑO E ILUSTRACIONES

Axóuxeres e chisqueiros, Yosune Duo Suárez, Gaila Louro, Arkaitz Rodríguez Brage, Adri Seara, Diana Sobrado, Jose Souto e Mar Vieites fixeron as portadas dos artigos. Mar Vieites fixo ademáis a cuberta e o anxiño do encabezado das páxinas pares (inspirada no capitel da Casa dos Espellos e da Casa Tquilla). Jose Souto debuxou o escudo de Betanzos da seguinte páxina (tomado do cartel das festas de Betanzos do 1934 obra de Camilo Díaz Baliño) a filigrana do índice (inspirada nos mosaicos de azulexos da Casa dos Espellos), a ilustración das palabras chave (inspirada na Fonte das Catro Estacións) e encargouse de maquetar.

## PERIODICIDADE&CALL FOR PAPERS

Casa dos Espellos é unha revista anual que recibe os seus artigos antes do 31 de outubro.

## CONTACTO

Podés suscribirte á publicación de novos números, enviar traballos ou solicitar información nos seguintes medios de contacto:




[www.casadosespellos.gal](http://www.casadosespellos.gal)



[facebook.com/casadosespellos/](https://facebook.com/casadosespellos/)



[casadosespellos@gmail.com](mailto:casadosespellos@gmail.com)



**Fontes documentais arredor dos García Naveira (III): A orixe das Escolas e o Asilo García Irmáns**

pax 8 - 31

Ángel Arcay Barral e Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

**0 Parque do Pasatempo na revista *Vida Gallega***

pax 32 - 41

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

**El panorama de las exposiciones universales**

pax 42 - 53

Fanny Bourdón Fernández

**Aproximación ó folclore a través do Proxecto “Escoitar, Aprender e Compartir”**

pax 54 - 63

Fátima López Freire e Sara Fraga Pérez

**A Casa do Povo de Betanzos**

pax 64 - 67

Xesús Torres Regueiro

**0 Parque do Pasatempo no arquivo familiar de Bernardino Machado, presidente da República Portuguesa**

pax 68 - 89

Ángel Arcay Barral e Joana Rosas Amoroso

**Comprometámonos co Pasatempo: unha proposta de Aprendizaxe-Servizo dende o ámbito educativo**

pax 90 - 103

Sara Pajón Soto, Miguel Giadás Quintela, Erea Blanco Balvís e Paula Cousillas Pena

**Donde che van as cores? 0 traxe tradicional galego como indicador do estado civil**

pax 104 - 121

Sara Fraga Pérez

**Dos maestras de Betanzos purgadas como izquierdistas por el franquismo**

pax 122 - 129

Jesús Manuel García Díaz

**El balneario como ciudad ideal. El ejemplo de Cabreiroá**

pax 130 - 139

Carlos Barja Márquez

**Contexto e prexuízo no Parque do Pasatempo**

pax 140 - 151

Ricardo Varela Fernández

**Un intento de situar á cidadanía no centro da creación contemporánea**

pax 152 - 163

Fran Quiroga

**Reseña: Lourenzo Fernández Prieto, Antonio Míguez Macho (eds.) (2019).  
Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo. Ed. Galaxia, Vigo**

pax 164 - 173

Adrián Feijoo Sánchez

**Manteniendo la memoria: las postales del Pasatiempo**

pax 174 - 202

Juan Antonio Rodríguez Arnao





Un intento de situar a ciudadanía no centro da creación contemporánea

## Un intento de situar a cidadanía no centro da creación contemporánea

**Fran Quiroga**

Investigador transdisciplinar

<https://orcid.org/0000-0002-8409-6710>

Ilustracións: **Axóuxeres e chisqueiros**

### Resumo

Este artigo é unha reflexión sobre un intento de abrir marcos de participación na arte a través da metodoloxía Investigación-Creación-Participativa que se está a desenvolver de xeito experimental en Betanzos, dentro do proxecto *Concomitentes*. O texto reflexiona sobre alcances, dúbidas e tensións para abrir un debate co que pensar que dispositivos favorecen que a cidadanía poida resituarse no centro dos procesos de creación contemporánea.

**Palabras chave:** Arte, participación, cidadanía, proceso, cuidados.

### Abstract

This paper is a reflection about an attempt to open frames of participation in art through Research-Creation-Participatory methodology that we are developing in an experimental way in Betanzos, thanks to *Concomitentes* project. It is a reflection about scopes, doubts and tensions as an exercise of openness to debate to think what devices can encourage that citizens could be in the center of processes of contemporary creation.

**Keywords:** art, participation, citizenship, process, cares.

### 1.- Introducción

A reclamación de espazos participativos supón un ensanchamento da democracia. Dende os orzamentos participativos ou o empurro dos comúns como expresións de autonomía vemos como nos últimos tempos abrollan un amplo abano de mecanismos que procuran resituarse a cidadanía no centro da toma das decisións. Volver ao micro e tecer eses espazos de autonomía frea, en parte, eses intentos neoliberais de hiperconcentración do poder en mans de poucas corporacións. Así pois, sendo conscientes das miúdas capacidades de transformación das que dispoñemos, cómpre seguir reclamando a nosa capacidade de decisión naqueles asuntos nos que nos sentimos afectados.

A arte non é allea a estes procesos. As institucións do sistema arte están tamén atravesadas pola reivindicación dunha maior porosidade tanto na programación, como na xestión. Parte desta demanda de democratización das institucións culturais públicas ven condicionada pola necesidade de deixar de considerar a

arte como un espazo autónomo e concibilo como interdependente coa sociedade, co tempo no que se crea ou co contexto no que se desenvolve. A ausencia de relatos, voces e desexos, alimentado polo trazo de clase que hai nos relatos hexemónicos da arte, dificulta que moitas comunidades se sintan apeladas. Fronte a isto, a alternativa da turistificación ou das industrias creativas culturais -que van da man- non pode ser a solución, en tanto determina que o relato veña condicionado polas lóxicas do mercado, implicando que a construción das subxectividades estea supeditado polo perverso sistema de custe-beneficio. Reclamar o dereito a que a cidadanía estea no centro da arte contemporánea implica a construción deses convites ao diálogo tan necesarios para rachar cos monólogos daqueles que ostentan o poder, xa sexa no plano político, financeiro ou simbólico. Ademais da presenza doutros corpos, relatos, soños ou subxectividades, a arte contemporánea é tamén un espazo fundamental para a experimentación de procesos, o que axuda a imaxinar outros xeitos de facer.



## 2.- Pode unha vila enteira encargarse dunha obra de arte?

Baixo esta pregunta impulsamos en Betanzos (A Coruña) *Legado Coidado* un proceso de creación contemporánea baixo o paraugas de *Concomitantes*<sup>1</sup>, a versión española de *Nouveaux Commanditaires*<sup>2</sup>, un programa impulsado en Francia hai máis de trinta anos polo artista François Hers que procura, non sen certa grandilocuencia, democratizar a arte coa intención de que a cidadanía se converta en comandataria dunha obra de arte. Baixo o lema de *Anyone who wishes so, alone or in association with others (and the latter is highly encouraged), can call upon an artistic mediator to help them take responsibility for the commissioning of an artwork*<sup>3</sup> abríronse espazos de creación contemporánea coa premisa de que a produción de arte partise dun desexo cidadá. Así, e baixo un riguroso protocolo, téñense creado ao redor de toda Europa máis de 400 obras.

Para este concomitancia, é dicir, cada un dos proxectos que se desenvolven en *Concomitantes*, o marco de partida sitúase ao redor do legado dos irmáns García Naveira, veciños de Betanzos que emigran a Arxentina e que tras a súa volta a finais do século XIX comezan a impulsar actos filántropos como a creación do parque enciclopédico, a Casa do Pobo, o Lavadoiro, as Escolas, o Refuxio ou o Asilo. Atender a esta cuestión é un exercizo de compromiso histórico cunha realidade que afectou a miles de persoas. A través desta *Concomitancia* queremos homenaxear eses actos de xustiza social a través da filantropía, de pensar no retorno, mais tamén problematizar como non fomos quen de manter nun estado óptimo unha herdanza que fala dun nos, de aí o título da concomitancia “*Legado Coidado*”.

O patrimonio é un herdanza dos que nos precederon. Somos parte deses múltiples legados que dalgunha maneira nos constrúen e nos identifican, o patrimonio crea suxeito, tanto individual como colectivo. A sociedade procura a súa salvagarda; somos custodios destes elementos, ben sexa a lingua, bailes tradicionais, ou bens inmoables, etc. Que un espazo público como o Parque do Pasatempo estea pechado é o resultado dun desleixo, mais tamén unha ferida, unha fenda; de aí que colectivos como a Asociación de Amigas do Parque do Pasatempo teñan impulsado diversas accións co obxectivo de reverter esa situación para que o parque e o propio legado dos irmáns García Naveira volva recuperar ese resplandor.

Ademais da propia Asociación de Amigas do Parque do Pasatempo, son tamén impulsoras desta concomitancia a Asociación Amigos Casco Histórico de Betanzos e a Asociación Cultural Libre de Paderne Roxin Roxal. Ambas comparten a defensa do patrimonio, abordan ese coidado a través de diferentes estratexias, a partir desa asunción de corresponsabilidade, dun facer. Ante ese laio sobre a situación do patrimonio son múltiples os mecanismos aos que se atende, dende roteiros, manifestacións, ata festas ou mercadiños de segunda man na zona histórica de Betanzos. Nese conxunto de accións agóchase un desexo, hai un facer-polo-parque, ou facer-pola-zona-vella, mais tamén un facer-con-outros e aí é onde está a potencia de impulsar un proxecto participativo de creación artística contemporánea.

En *Concomitantes* cada concomitancia posúe as súas especificidades e, no caso do proxecto en Betanzos, amplíanse os marcos de participación da cidadanía a través dunha adaptación da Investigación-Acción Participativa. Se en ocasións se ten sinalado

---

<sup>1</sup> Para máis información: <https://concomitantes.org/>

<sup>2</sup> Para máis información: <http://www.nouveauxcommanditaires.eu/>

<sup>3</sup> Recollido da web <http://www.nouveauxcommanditaires.eu/> [20/12/2019]



como estas metodoloxías procuran democratizar o coñecemento, e se *Nouveaux Commanditaires* democratiza a arte tal e como ten indicado o seu fundador, é relevante combinar ambos mundos, co obxectivo de ampliar o comisionado da obra de arte ao conxunto de persoas que estea interesado en participar.

As investigacións accións participativas emanan dunha pregunta, dun interese común que propicia que a propia comunidade, co apoio do persoal técnico, desenvolva unha investigación cun contido práctico. Daquela unha das primeiras tensións neste proxecto sería determinar se na comunidade existía esa demanda compartida. É moi probable que a comunidade non pense de contado en crear unha obra de arte, nunca se nos deu esa posibilidade. Mais hai un desexo latente que é ese facer-polo-patrimonio e dende aí é dende onde puidemos comezar a problematizar esa negociación do desexo colectivo. Mais como facer que emerxa ese desexo colectivo alén da propia demanda inicial?

### **Desenvolvemento da Investigación-Creación-Participativa**

O 3 de marzo de 2018 xuntámonos membros da asociación de Amigas do Parque do Pasatempo e eu mesmo para explorar a posibilidade de iniciar un proxecto artístico ao redor do Parque do Pasatempo, ao longo dos case dous anos xa transcorridos foise moldeando a proposta atendendo a desexos, vontades e posibilidades. Daquela reunión e das posteriores, saíu un grupo motor co que fomos dialogando o proceso, este, en principio, composto por oito persoas, como calquera proceso destas características tivo unha intensidade e participación variable. Este tipo de proxectos, pola súa natureza, fan que o número de persoas implicadas varíe ao longo do tempo, por iso é importante garantir

ese complexo equilibrio entre o proceso e os resultados, que vaian emerxendo xestos públicos, que se a xente perciba avances. Xunto ao grupo motor creárase un Comité de Seguimento, que ten como funcións analizar e propoñer melloras ao plan global da mediación, realizar o seguimento de pasos e accións, así como ampliar as redes do proxecto.

Partíamos dunha vontade e dispoñíamos dos recursos económicos para crear, mais faltaban os marcos de participación, en parte xa delimitados polo protocolo de Concomitentes<sup>4</sup>, mais queríamos expandilos, ver até que punto podíamos desbordalos e ampliar a participación ao conxunto da veciñanza de Betanzos e a súa comarca. Súmanse entón as outras asociacións e contamos cunha expresión de boa vontade do concello de Betanzos.

Hillaert e Trienekens definen a arte participativa como unha *form of artistic research, in which artists together with citizens seek the right artistic format that allows alternative voices and interpretations to be heard. The artists understand their artistic work as the driving force behind wider processes, rather than simply as the creation of a preconceived artistic product* (2015, 5), baixo esta premisa desenvolvemos unha metodoloxía que procura facilitar eses lugares de encontro dende os que ir tecendo eses procesos de negociación para a creación dunha obra de arte. Que pedagogías para o encontro creamos para dar soporte a ese proceso xenerativo? A través da Investigación-Creación-Participativa (ICP) adoptamos un dispositivo co que situar a cidadanía no centro da creación artística. Para iso partimos dos modos de facer da xa máis asentada metodoloxía nas ciencias sociais da Investigación-Acción-Participativa (IAP) adaptándoa a un proceso de creación contemporánea, á vez que mantemos o protocolo de Concomitentes que propón tres roles clave: a cidadanía, a mediación e o artista.

---

<sup>4</sup>Para máis información <https://concomitentes.org/info/protocolo>



## Un intento de situar a cidadanía no centro da creación contemporánea | Fran Quiroga


A IAP é un xeito de realizar unha indagación cunha vontade participativa e cun claro enfoque de acción, son as propias comunidades as que, co apoio de persoal técnico, impulsan e desenvolven un proceso reflexivo extendido co que dotarse de solucións ou ferramentas que respondan a un reto ou demanda cidadá. Este xeito de investigar supón unha ruptura da idea de saber experto e procura que a diversidade de enfoques, ideas ou vontades teña acollida nese proceso; para o proxecto de Concomitentes esta metodoloxía é un espello ao que mirarse en tanto ten definida claramente uns xeitos de facer, fases e roles que poden replicarse a un proceso de creación artístico participativo, coas salvagardas de que a arte non ten porque ser “solucionista”.

Con este quebracabezas determinamos as fases do proxecto, adaptándoas a partir do cronograma e xeito de facer das IAP determinadas por Joel Marti Olivé (2002).

Esta temporalidade debía cadrar coas propias necesidades do proceso, nas que destaca que antes da incorporación da artista que vaia co-crear a obra de arte, a cidadanía ten que expresar esa aproximación ao desexo colectivo, do que lle gustaría que falase a obra. As comunidades participantes comandan unha obra de arte, fanlle un encargo á artista por iso é importante deterse a coñecer ben esa expresión colectiva de desexo que determinará a petición da obra á artista que se selecciona posteriormente.

Na actualidade situámonos na FASE 2 na que se están desenvolvendo unha serie de encontros públicos cos que, a través da participación da xente, vaia emerxendo ese desexo e se poida ir profundando na vontade cidadá para producir unha obra de arte contemporánea. A primeira das sesións tivo lugar o 10 de outubro do 2019, baixo o título *Arte e Participación*<sup>5</sup> e con ela queríamos determinar publicamente os

### CALENDARIO DE TRABAJO



+ INFO:  
[www.concomitentes.org](http://www.concomitentes.org)  
[lcgadoindiano@concomitentes.org](mailto:lcgadoindiano@concomitentes.org)



Autor: Óscar Górriz.

marcos de participación, que todas as persoas soberan como se pode participar, que tempos hai, orzamento, financiación e de que maneira a súa participación ía ter incidencia e construír o proceso. Nesta xornada acompañáronnos expertos en campos como a arte contemporánea, o patrimonio e o conflito ou a historia das migracións en Galicia, o que nos axudou a asentar algún dos eixos epistémicos<sup>6</sup> polos que

o proceso pode ir camiñando. Na web [www.concomitentes.org](http://www.concomitentes.org) imos dando conta dos relatos de cada xornada, cun obxectivo dobre, por un lado documentar ben o proceso e por outro lado grazas ao conxunto das relatorías da xornadas podemos ir elaborando, paseniñamente, ese encargo final que se lle entregará a artista coa que se lle vai traballar e que debe estar creado no mes de marzo do 2020.




Autor: Óscar Górriz.

<sup>5</sup> Máis información en <https://concomitentes.org/diario/xornada-arte-participacion/concom:legado-cuidado>

<sup>6</sup> Os obxectos de debate que guiaron as conversas, así como a selección de relatores veu determinada por unha das preguntas que se lle fixeron aos membros da Asociación Amigas do Parque do Pasatempo na primeira reunión e nas que se lles preguntaba con que asociaban o parque, a través da agrupación das respostas saíron como grandes eixos temáticos: o patrimonio/memoria, a migración, a arte ou a educación



Un intento de situar a cidadanía no centro da creación contemporánea | Fran Quiroga



Autor: Fran Quiroga

Coa *Xornada Camiñada* do 16 de novembro do 2019<sup>7</sup> abrimos un novo espazo para a socialización a través dunha práctica tan cotiá como é a conversa e o acto de camiñar. As xornadas camiñadas son dispositivos pensados para o encontro e as relacións, que bebe do andar preguntando do movemento zapatista ou do andar camiñando dos situacionistas e foi unha adaptación da metodoloxía creada por Andrea Olmedo e Fran Quiroga no marco da investigación experimental *Ruraldecolonizado*<sup>8</sup>, que acolleu o Laboratorio 987 do Museo de Arte

Contemporáneo de Castela e León (MUSAC) e o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) entre os anos 2016 e 2017. Coa facilitación por parte da cooperativa *Rexenerando* percorremos a cidade en grupos. Nese camiñar xuntos falamos de ruínas, da beleza, de bicos e feridas, das migracións, de retorno ou da pedra, ou do que nos motivaba a participar neste proxecto, do que faríamos se foramos nós os artistas ou da necesidade de que a obra repostase a un reto contemporáneo<sup>9</sup>.

<sup>7</sup> Máis información en: <https://concomitentes.org/diario/xornada-caminada-o-16-de-novembro-como-practica-do-encontro/concom:legado-cuidado>

<sup>8</sup> Máis información en <https://musac.es/lab987/es/ficha/ruraldecolonizado-caminando-por-pluralismos-epistemologicos>

<sup>9</sup> Máis información do relato da xornada: <https://concomitentes.org/diario/a-mina-avoa-durmiu-nas-arbores-ou-do-relato-da-xornada-caminada-en-betanzos/concom:legado-cuidado>



Autor: Óscar Górriz.

Continuamos a escoita cun *Café Conversa* no Matadoiro o 13 de decembro<sup>10</sup> coa intención de consolidar o marco conceptual do programa Concomitentes, traballar ao redor do soño colectivo e promover a corresponsabilidade na

toma de decisións da futura encarga cidadá. Se imos ensanchar o legado dos irmáns García Naveira cunha nova intervención artística, cómpre pensar como imos nós e a administración -ausente na xornada- a coidar esa intervención no futuro.



Autor: Óscar Górriz.

<sup>10</sup> Máis información en: <https://concomitentes.org/diario/continua-o-proceso-participativo-cun-cafe-conversa-e-transqueimada-o-venres-13-de-décembro/concom:legado-cuidado>



Un intento de situar a cidadanía no centro da creación contemporánea | Fran Quiroga

E se encargamos unha obra de arte en Betanzos?

# GARCÍA IRMÁNS

**CAFÉ CONVERSA + TRANSQUEIMADA**

Venres 13 decembro, 19.00h



**Matadoiro  
Betanzos**

[www.concomitentes.org](http://www.concomitentes.org)

Impulsa:



Coordina:



Colabora:



Apoia:



Autor: Milicia Gráfica

Coa xornada *Negociando o desexo* que terá lugar o 24 de xaneiro de 2020 queremos seguir explorando o desexo, e non só de xeito colectivo, dar espazo tamén ao individual, ao que nos resoa dentro, a iso máis íntimo que nos move a seguir participando neste proceso. E facémolo ademais nun espazo clave da socialización en Betanzos, unha adega do viño do país, rematando o encontro cunha foliada. A festa, ademais dun lugar de encontro é un acto de celebración de que fomos quen de facer xuntos esta segunda fase. Nos procesos participativos o festivo tamén ten que ter o seu espazo, a festa fai comunidade e iso tamén é arte.

O proxecto continúa coa elaboración da encarga e a xornada posterior de devolución, así como a selección do artista e o posterior traballo, mais desa etapa daremos conta nunha próxima publicación nesta revista (como unha sorte de investigación por fascículos).

### 3.- Dúvidas e apuntamentos ao redor do proceso

Este texto máis que un exercicio epistémico pechado é unha reflexión en aberto, e mais cando o proceso está en marcha. Non podemos ter a arrogancia de falar de conclusións, mais si de certas inxedanzas que van abrollando ao longo do proceso e que, en parte, o van modulando. De aí a importancia de que este teña a capacidade de ser moldeado en función do propio devir e desas necesidades inesperadas. Afirmo John Byrne (2018, 26) que as *“Constituencies are fluid, mutable, protean. They grow, change, adapt, hybridize and reform according to circumstance and needs”* o proceso muta inevitablemente e estas constituencias, que son aqueles procesos que poñen as relacións no centro das súas accións (Yaiza Hernandez, 2018, 166), van estar acompañadas dunha incerteza, cómpre saber manexarse aí, e de feito ten que ser así, do contrario, se non hai esa incerteza o proceso non está aberto á decisión colectiva. Vivir a inxedanza de non saber o resultado final provoca tensións e medos, mais estes son á vez un xeito de problematizar tamén

o propio proceso, ver de que maneira está funcionando, que cómpre mellorar, que non funciona. O proxecto *Legado Coidado* ademais de entenderse como un espazo participativo de creación é tamén un experimento, unha sorte de laboratorio de creación, un lugar de aprendizaxe colectiva e tamén unha meta de investigación que se produce a partir dunha praxe. A propia obra resultante é fundamental, mais cómpre realizar ese exercicio permanente co que repensar até que punto este proceso sitúa a cidadanía no centro da creación artística.

Un dos retos de *Legado Coidado* é xerar unha investigación coa que poder repensar eses xeitos de facer, ten que ser unha indagación sobre a participación e a arte pública e tamén das tensións, complexidades, alegrías e frustracións que se dan nestes procesos, á vez que a documentación do proceso debe permitir que este dispositivo poida ser replicado noutros contextos. Esta metainvestigación determínase a través das metodoloxías de *Practice-Based Research*, unha investigación que parte dunha praxe, un coñecemento que nace da experiencia.

A contínua negociación do desexo provoca inevitables tensións entre a (in)utilidade da obra, da procedencia do artista, da formalización, das expectativas e do espazo de posibilidades que hai mesmo con quen ten a propiedade do espazo público, no caso do Parque do Pasatempo, o Concello de Betanzos. Traballar desde a multitude e non só con aqueles que son considerados expertos implica compartir linguaxes e cesións, mais non debe ser a escusa para a realización dunha obra que contente a todas as partes, o consenso é conservador. Actuar dende a desavianza e asumila como forma de facer cuestiona o intento de domesticar tanto a obra resultante que termine por non decirnos nada, alén dunha cuestión esteticista, como unha especie de obra de arte *rotundil*. Tensar e problematizar abre friccións e novos espazos de axenciamento dende os que cuestionar e atender os malestares contemporáneos, cuestión que ademais emerxeu nas xornadas participativas. Mais nesa pretendida horizontalidade, que non é máis que unha



aspiración, hai unha dúbida de novo sobre quen participa nestes procesos. Non toda a cidadanía se sente apelada para participar na produción unha obra de arte; mais isto resta lexitimidade ao proceso? Garantir a apertura do proceso e facilitar esas pedagogías do encontro, a través da linguaxe ou da propia pose de quen coordina ou media o proceso é un xesto político que fai ese convite aberto á participación. Tomar consciencia de que hai moitas comunidades que non se sintan apeladas por este tipo de procesos non pode obviar a necesidade de seguir explorando mecanismos cos que ir ampliando os públicos cos que dialogamos, en que horas facemos as xornadas abertas, en que lugares ou as formas de comunicar o proceso debe ser constantemente repensandas.

Desprazar a hexemonía do artista nos procesos de creación contemporáneos é unha estratexia política que cuestiona a idea romántica desa sorte de chamada divina do

artista e resitua a relación coa cidadanía entre pares, como un igual, na que o artista trae todo un xeito de facer e ollar a realidade diferente. Este proceso disputa a idea da autoría única, fronte a unha moito máis distribuída entre todos os participantes, cada un cos seus diferentes roles, mais son/somos copartícipes na autoría da obra. De aí que a selección da persoa artista que produza a obra de arte contemporánea sexa un dos pescozos da botella do proceso.

Se o coidado e a corresponsabilidade co legado son os eixos sobre os que pivota o proceso, cómpre que tamén a propia metodoloxía sexa hospitalaria, que coide e que acolla. Con esta aberta extendida deixamos aquí esta primeira das reflexións que se irán dando no marco da Casa dos Espellos e noutras publicacións co obxectivo de seguir pensando como nós, a cidadanía, podemos ir gañando autonomía nos mundos que habitamos.

## BIBLIOGRAFÍA

- Byrne, John (2018). “Becoming Constituent” en Byrne, John; Morgan, Elinor; Payner, November; Sánchez de Serdio, Aida; Zeleznik, Adela. *The Constituent Museum, A constellations of knowledge, politics and mediation*. Amsterdam. Valiz. Páx. 26 -30.
- Hernandez, Yaiza (2018). “A constituent education” en Byrne, John; Morgan, Elinor; Payner, November; Sánchez de Serdio, Aida; Zeleznik, Adela. *The Constituent Museum, A constellations of knowledge, politics and mediation*. Amsterdam. Valiz. Páx. 26 -30.
- Hillaert and Trienekens (2015). “Art in transition. Manifesto for Participatory Art Practice”. Bruselas. Demos vzw & CAL-XL. Páx.5 Accesible en [https://demos.be/sites/default/files/kunst\\_in\\_transitie\\_en\\_final.pdf](https://demos.be/sites/default/files/kunst_in_transitie_en_final.pdf) [visitado 27/12/19]
- Martí Olivé, Joel (2002). “La investigación. acción participativa, estructura y fases”, En Martí Olivé, Joel, Montañés Serrano, Manuel; Rodríguez-Villasante Prieto, Tomás. *La investigación social participativa*. El Viejo Topo, Páx 79- 123.









Intervención artística ao redor do legado


# GARCÍA, IRMÁNS

**XORNADA ABERTA**  
Arte e participación

11 de outubro 20:00h  
Salón Azul, Liceo,  
**Betanzos**

[www.concomitentes.org](http://www.concomitentes.org)

Impulso:    Coordina:  Colabora:  Apoi: 







# NORMAS DE PUBLICACIÓN

## TEMA

CasadosEspellos: Revista poliédrica da cultura galega é unha revista anual de Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Antropoloxía e Literatura, podendo admitir outras temáticas segundo o criterio do seu Comité Científico.

## TRABALLOS

Publicaranse traballos orixinais e inéditos, podendo reeditar traballos que contén un interese especial para a nosa temática. Non se aceptarán para a súa valoración traballos que foran publicados noutros medios ou estean en proceso de ser aceptados para outra publicación.

## PRESENTACIÓN

Os traballos serán presentados por correo electrónico dentro do proceso de recepción de orixinais.

## IDIOMAS

Os idiomas dos traballos poderán ser: galego, castelán, portugués e inglés.

## FORMATO

A extensión máxima será de 10 follas sen ter en conta as imaxes. Entregarase unha copia formato Word ou Open Office, cunha letra Times New Roman a tamaño 12 e cun interlineado de 1,5. As notas ao pé terán un tamaño 10 e interlineado sinxelo. O sistema de citas será o Estilo Harvard, presentando as referencias completas ao final do texto.

O inicio do traballo debe contar cun título, un breve resúmen e cinco palabras clave que definan o traballo, no idioma do texto e a súa respectiva tradución ao inglés.

Noutro documento a parte, deberán aparecer os datos do autor: nome completo, correo electrónico, filiación profesional e unha breve descripción biográfica acompañada dunha imaxe para ser engadida ao apartado de “Colaboradores” da nosa web.

A Bibliografía aparecerá ao final do texto, ordenada alfabeticamente por autores e dentro de cada autor seguirá unha orde cronolóxica. Exemplos:

· Para libros: APELIDOS, Nome (Ano). Título. Lugar de edición, Editorial.

· Para artigos: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do artigo”. En Título da Revista, número. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para capítulo: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do capítulo”. En APELIDOS, Nome. Título do libro. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para notas de prensa: Título da publicación, data, número, páxina. Título da nota ou da imaxe.

· Para fotografías: APELIDOS, Nome (Ano). Título da fotografía. Medidas. Fondo.

· Para cuadros: APELIDOS, Nome (Ano). Título da obra. Material, medidas. Fondo.

## **IMAXES**

As imaxes empregadas serán de autoría propia, estarán suxeitas a Creative Commons ou virán acompañadas do consentimento do autor para a súa publicación, no caso de ser un terceiro. O formato preferido será TIFF e a resolución mínima esixida será de 300ppp. De non contar ca resolución óptima poden ser desbotadas do artigo.

Non aparecerán no texto, senón que virán adxuntas no correo electrónico, cunha sinalización numérica (Fig. 1, Fig. 2, etc.) no traballo para que o equipo de deseño coñeza a súa disposición.

## **DIFUSIÓN**

Todos os traballos presentados estarán dispoñibles en plataformas de acceso libre

## **DEREITOS**

Os autores sempre serán os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica.

## **REVISIÓN**

Será decisión do Comité Científico consultado, a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos externos á Revista, mediante un sistema de dobre cego, sendo anónimo o proceso tanto para o autor coma para quen o avalíe.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo dun ano, dependendo sempre das necesidades da revista.

Casa dos Espellos contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

## **CORRECCIÓN**

Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios sustanciais do texto entregado.

— O feito de participar na revista, garante aceptación e o cumprimento destas normas —

